

## BEBESCENA PRIMAVERA DE 2018

Quen non asistise nunca a unha función de teatro para bebés adoita mostrar escepticismo pero as persoas que o fixeron repiten. A emoción que destilan estas obras (cando son de calidade) tanto no escenario como entre o público é de alta intensidade. As obras para estas e estes espectadores tan precoces observan algúns requisitos. Un deles é a proximidade entre a escena e as espectadoras e espectadores, o que leva a que o patio de butacas se transforme nunha zona pegada ao escenario, con alfombras, coxíns, pequenos bancos..., onde as nenas e os nenos poden permanecer sentados con menos rigor e dun xeito máis acorde á súa anatomía, á beira de seus pais. O segundo requisito é a duración: entre 30 e 40 minutos é o tempo que a atención dun bebé pode fixarse.

Son propostas moitas veces sen palabras que espertan sensibilidades e transmiten emocións achegándonos ao teatro, á danza, á música, á vida.

28 DE XANEIRO

### **BATHTIME REDE**

#### **Katarsis (A Coruña)**

30´

Mancharse de chocolate pode ser divertido e a hora do baño podería selo aínda máis. Dous amigos, chocolate, unha bañeira e música orixinal son os ingredientes desta posta en escena.



BATHTIME é unha exploración de xogos entre dous amigos dentro, fóra e ao redor dunha bañeira grande. Unha sirena, tormentas, sombras ou unha quenlla son algúns dos protagonistas nesta obra cunha interpretación chaplinesca dos anos 20.

Autoría e dirección: Carolina Ramos e Kevin Stewart

Intérpretes: Kevin Stewart e Estíbaliz Veiga

25 DE FEBREIRO

## **SOLETE**

### **La clé (Madrid)**

30´



Solete é unha obra que trata de achegar a danza e o teatro aos primeiros anos da infancia con sinxeleza e claridade

Solete é o centro de todo e todos viramos ao redor del.

Os raios do sol, a lúa e as estrelas móvense por órbitas e traxectorias alucinantes. No mundo circular vai caloríña e estase moi a gustiño.

Solete non é só o solo dunha bailarina...Solete é un dúo co sol

Danza teatro para bebés.

Intérprete e coreografía: Helena Berrozpe

4 DE MARZO

## **NA CASA**

### **Caramuxo Teatro (A Coruña)**

30´



Unhas poucas casas poden ser unha aldea, moitas casas poden ser unha cidade. A nosa casa naceu nunha aldea que agora é unha cidade. Aí está, rodeada doutras. É de madeira, ten xardín e dálle moito o sol.

Antes non tiñamos veciños pero pouco a pouco foron chegando...

No verán, se vai moita calor, ou no inverno, se vai moito frío, o mellor sitio onde estar é... na **casa**!

Autores e intérpretes: Laura Sarasola e Juan Rodríguez

18 DE MARZO

## **LA DE LÚA** **Ñas Teatro (Madrid)**

30´



Unha ovella que nace, unha araña que tece, unha bufanda musical e unha maraña de imaxes espertarán emocións e activarán a curiosidade das e dos máis pequenos. Neste espectáculo, a la convértese nun elemento transformador dun espazo en branco que aos poucos se vai enchendo de cor.

É un espectáculo que nace do xogo e que convida a xogar.

Guión e idea orixinal: Paula Portilla

Dirección: Sara Sáez  
Interpretada por: Paula Portilla

8 DE ABRIL

## **PUÑO PUÑETE REDE** **BAOBAB (Pontevedra)**

40´



Puño puñete, que tes por dentro?  
Pan e fermento.  
Puño puñete, que tes por fóra ?  
Pan e cebola.  
Puño puñete, e polo redor?  
Pan e calor.

*Puño puñete* é unha peza teatral, musical e visual en que a tenrura é a protagonista; presentamos un espectáculo onde os máis pequenos da casa (1-6 anos) vivirán unha experiencia

entrañable para espertar os seus cinco sentidos e terán as súas primeiras sensacións a través da oralidade, da música e dos contos.

*Puño puñete* é unha experiencia máxica para gozar coas e cos máis pequenos en familia, onde poderán desfrutar de preciosas cancións e divertidas historias, todo aderezado con música en directo.

Autora Andrea Bayer  
Dirección: Óscar Ferreira e Andrea Bayer  
Música: Elena Paz e Davide González  
Interpretada por: Andrea Bayer

22 DE ABRIL

## **XARDÍN SECRETO**

### **Zigzag Danza (Xixón)**

35´



Neste xardín, flúe o infinito ciclo da vida, que estimula os sentidos das e dos máis pequenos, ante os que se desprega un universo visual e sonoro que se transforma de forma constante. Deixaremos a nosa pegada neste universo, deixaremos a nosa pegada no noso xardín. Este é un traballo poético de movemento estático e de quietude dinámica, porque todo está parado e nada detén.

Concepto, coreografía e interpretación: Estrela García e Miguel Quiroga

Música orixinal: Miguel Pérez Iñesta e Emmanuelle Bernard

27 DE MAIO

## **MUUU**

### **Teloncillo (Valladolid)**

30´



*Muuu...* representa esa vaca imaxinada desde a nosa infancia.

*Muuu...* é un espectáculo en branco e negro pero cheo de cores, de sensacións, de ambientes que rodean e atrapan a atención das nenas e dos nenos.

*Muuu...* é un espectáculo onde, sen palabras, cóntanse *muuuu*itas cousas con xogos, música, cancións...

Baseado en poemas de Celia Viñas e cancións populares.

Idea, guión e interpretación: Ana Galego e Anxo Sánchez

**Cousas que debes saber antes de virnos ver:**

- O despacho de billetes ábrese unha hora antes do comezo de cada espectáculo e só en caso de que queden entradas.
- Pídese puntualidade. Non se permitirá acceder á sala unha vez que comece a función.
- Non está permitida a entrada á sala con comida ou bebida (exceptuando auga).
- Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función.

## **VENDA DE ENTRADAS**

**Entrada: 6€**

**Menores de tres anos: 2€**

Capacidade reducida

\*\*Todas as persoas que accedan ao espazo en que terá lugar o espectáculo deben facelo con entrada.

**DESPACHO CENTRAL DE BILLETES DA PRAZA DE OURENSE** De luns a venres, agás festivos, de 9.30 a 13.00 e de 16.30 a 19.30 h

**DESPACHO DE BILLETES DE ÁGORA** Aberto só os días de función, desde unha hora antes (só se quedasen entradas dispoñibles)

**TELEVENDA: 902 044 226** (De luns a venres de 9.00 a 22.00 h, sábados de 14.00 a 22.00 h e domingos de 16.00 a 21.00 h) [www.ticketea.com](http://www.ticketea.com)

**PÍDESE PUNTUALIDADE. UNHA VEZ QUE COMECE O ESPECTÁCULO, NON SE PERMITIRÁ ACCEDER Á SALA.**

**Depósito legal: C 1976-2017**